

1. Identificación da programación

Centro educativo

Código	Centro	Concello	Ano académico
15023090	Macías o Namorado	Padrón	2021/2022

Ciclo formativo

Código da familia profesional	Familia profesional	Código do ciclo formativo	Ciclo formativo	Grao	Réxime
ELE	Electricidade e electrónica	CBELE01	Electricidade electrónica	Ciclos formativos de grao básico	Réxime xeral-ordinario

Módulo profesional e unidades formativas de menor duración (*)

Código MP/UF	Nome	Curso	Sesións semanais	Horas anuais	Sesións anuais
MP3009	Ciencias aplicadas I	2021/2022	6	175	210

(*) No caso de que o módulo profesional estea organizado en unidades formativas de menor duración

Profesorado responsable

Profesorado asignado ao módulo	SONIA PÉREZ SIEIRA
Outro profesorado	

Estado: Pendente de supervisión departamento

2. Concreción do currículo en relación coa súa adecuación ás características do ámbito produtivo

Co currículo deste módulo, ademais de contribuír á consecución dos obxectivos propios do título, preténdese dotar ás alumnas e aos alumnos das capacidades necesarias para valorar criticamente e comprender a realidade, e que sexan apropiadas para a resolución de problemas de natureza diversa. Consideramos prioritario contribuír dende este módulo á formación de individuos que se conduzan con hábitos saudables para as persoas e o ambiente -tanto na vida cotiá como na vida laboral- e segundo principios e valores propios dunha sociedade de liberdades e de dereitos.

3. Relación de unidades didácticas que a integran, que contribuirán ao desenvolvemento do módulo profesional, xunto coa secuencia e o tempo asignado para o desenvolvemento de cada unha

U.D.	Título	Descrición	Duración (sesións)	Peso (%)	Resultados de aprendizaxe									
					300900									
					RA1	RA2	RA3	RA4	RA5	RA6	RA7	RA8	RA9	
1	Os números naturais e enteiros.	Aprenderemos a operar con números naturais e enteiros respectando a xerarquía das operacións e aplicando na resolución de problemas do contorno do alumno	30	10	X									
2	Números reais. Unidades	Aprenderemos a identificar os distintos tipos de números reais, a operar con eles e usar todo iso na resolución de problemas. Tamen a medir lonxitudes masas volumenes e capacidades	30	15	X		X							
3	Proporcionalidade e porcentaxes.	Aprenderemos a recoñecer si dúas magnitudes son o non proporcionais e si esa relación é directa ou inversa, a calcular porcentaxes e aplicar todo na resolución de problemas	20	10	X									
4	Expresions alxebraicas. Ecuacións e sucesións	Aprenderemos a describir situacións e relacións mediante expresións alxébricas, a operar con elas , a resolver ecuacións de primeiro grao, a recoñecer progresións e usar todo para plantexar e resolver problemas do contorno social ou académico do alumno.	25	10										X
5	Os seres vivos. Procesos de nutrición (dixestivo, circulatorio e respiratorio) e excreción.	Aprenderemos qué é a célula, a identificar cómo se obteñen os nutrientes, cómo se procesan, se transportan, se utilizan e se eliminan os refuxos e a recoñecer os distintos aparatos que interveñen no proceso.	30	15						X			X	
6	Procesos de reprodución e relación	Aprenderemos a explicar en qué consiste a función de relación e de reprodución, os aparatos ou sistemas que interveñen nelas e o modo en que o fan.	25	15						X				
7	Saude e enfermidade	Aprenderemos a recoñecer os factores que inflúen na nosa saúde, a identificar os axentes que causan enfermidades infecciosas e cómo se produce o contaxio, a entender a acción das vacinas e antibióticos e outras apartacións da medicina para o tratamento e a prevención de enfermidades infecciosas	15	15								X		
8	A Materia. Mezclas e disolucións. Enerxía e Traballo	Aprenderemos a definir algunhas propiedades da materia, a diferenciar sistemas homoxéneos e heteroxéneos, sustancias puras de mesturas e mesturas de compostos e entre procesos físicos e químicos; a separar mesturas por métodos sinxelos. Tamén a identificar as distintas formas de enerxía e as transformacións que ocorren entre elas, a recoñecer as distintas fontes de enerxía así como as súas vantaxes e inconvenientes, a coñecer a relación entre traballo e enerxía e as súas unidades.	35	10		X	X	X	X					
Total:			210											

4. Por cada unidade didáctica

4.1.a) Identificación da unidade didáctica

N.º	Título da UD	Duración
1	Os números naturais e enteiros.	30

4.1.b) Resultados de aprendizaxe do currículo que se tratan

Resultado de aprendizaxe do currículo	Completo
RA1 - Resolve problemas matemáticos en situacións cotiás, utilizando os elementos básicos da linguaxe matemática e as súas operacións	NO

4.1.c) Obxectivos específicos da unidade didáctica

Obxectivos específicos	Act	Título das actividades	Duración (sesións)
1.1 Coñecer o sistema de numeración decimal e relacionalo cos números naturais. Representacións na recta. 1.2 Realizar operacións con números naturais 1.3 Aplicar axeitadamente a xerarquía das operacións e os paréntesis con números naturais	1	Resolver problemas matemáticos en situacións cotiás empregando os números naturais e as súas operacións.	8,0
2.1 Identificar os múltiplos e divisores dun número. 2.2 Identificar números primos e compostos 2.3 Facer, mediante algoritmo, a descomposición factorial.	2	Calcular o MCM e o MCD descompoñendo en factores primos. Resolver problemas de divisibilidade da vida real.	8,0
3.1 Identificar os números enteiros e representalos na recta. 3.2 Realizar operacións simples e combinadas con números enteiros 3.3 Aplicar de maneira axeitada a xerarquía das operacións e os paréntesis con números enteiros.	3	Resolver problemas matemáticos en situacións cotiás empregando os números enteiros e as súas operacións	8,0
4.1 Identificar e realizar operacións con potencias de base enteira e expoñente natural. 4.2 Empregar as potencias de base 10 y a notación científica para representar e operar números moi grandes. 4.3 Calcular raíces cadradas de xeito manual e mediante o emprego da calculadora 4.4 Aplicar as propiedades das raíces e realizar operacións combinadas con potencias e raíces.	4	Resolver problemas matemáticos sinxelos nos que se empreguen potencias e raíces.	6,0
TOTAL			30

4.1.d) Criterios de avaliación que se aplicarán para a verificación da consecución dos obxectivos por parte do alumnado

Criterios de avaliación	Instrumentos de avaliación	Mínimos exigibles	Peso cualificación (%)
CA1.1 Identifícanse os tipos de números e utilízanse para interpretar adecuadamente a información cuantitativa	● PE.1 - Distintos datos dun problema e cálculos necesarios para obter a solución pedida	S	25
CA1.2 Realízanse cálculos con eficacia mediante cálculo mental ou mediante algoritmos de lapis e calculadora (física ou informática)	● TO.1 - Distintas probas de axilidade para o cálculo mental de operacións básicas	N	10
CA1.3 Utilízanse as TIC como medio de procura de información	● LC.1 - Busqueda de propiedades	N	10

Craterios de avaliación	Instrumentos de avaliación	Mínimos exixibles	Peso cualificación (%)
CA1.4 Operouse con potencias de expoñente natural e enteiro aplicando as propiedades	<ul style="list-style-type: none"> PE.2 - Cálculo de distintas potencias e redución de varias potencias a unha, empregando as propiedades 	S	25
CA1.5 Utilizouse a notación científica para representar números moi grandes ou moi pequenos e operar con eles	<ul style="list-style-type: none"> PE.3 - Expresión, en potencias de base 10, de números arbitrariamente grandes e pequenos 	S	20
CA1.6 Representáronse os números reais sobre a recta numérica	<ul style="list-style-type: none"> PE.4 - distribución de numeros na recta 	N	10
TOTAL			100

4.1.e) Contidos

Contidos
<p>Recoñecemento e diferenciación dos tipos de números. Representación na recta real.</p> <p>Utilización da xerarquía das operacións.</p> <p>Interpretación e utilización dos números reais e das operacións en diferentes contextos.</p> <p>Notación científica. Representación e operacións de suma, resta, multiplicación e división.</p>

4.1.f) Actividades de ensino e aprendizaxe, e de avaliación, con xustificación de para que e de como se realizarán, así como os materiais e os recursos necesarios para a súa realización e, de ser o caso, os instrumentos de avaliación

Que e para que	Como			Con que	Como e con que se valora	Duración (sesións)
	Profesorado (en termos de tarefas)	Alumnado (tarefas)	Resultados ou produtos	Recursos	Instrumentos e procedementos de avaliación	
Resolver problemas matemáticos en situacións cotiáns empregando os números naturais e as súas operacións.	<ul style="list-style-type: none"> Explicación das características do sistema de numeración natural e enteira. Lectura e escritura de numeros 	<ul style="list-style-type: none"> Operacións de multiplicación e división de números naturais Exercicios sobre o sistema de numeración decimal Proba escrita 	<ul style="list-style-type: none"> Exercicios resoltos presentes na libreta 	<ul style="list-style-type: none"> Libro de texto e libreta 	<ul style="list-style-type: none"> PE.1 - Distintos datos dun problema e cálculos necesarios para obter a solución pedida TO.1 - Distintas probas de axilidade para o cálculo mental de operacións básicas 	8,0
Calcular o MCM e o MCD descompoñendo en factores primos. Resolver problemas de divisibilidade da vida real.	<ul style="list-style-type: none"> Explicación da descomposición en números primos e obtención do mcd e mcm 	<ul style="list-style-type: none"> Identificar os divisores dun número sen precisar facer operacións determinar múltiplos e divisores de varios números por sucesivas multiplicacións e divisións ou mediante o cálculo do mcm e mcd Proba escrita 	<ul style="list-style-type: none"> Exercicios resoltos presentes na libreta 	<ul style="list-style-type: none"> Libro de texto e libreta 	<ul style="list-style-type: none"> PE.4 - distribución de numeros na recta TO.1 - Distintas probas de axilidade para o cálculo mental de operacións básicas 	8,0

Que e para que	Como			Con que	Como e con que se valora	Duración (sesións)
Actividade (título e descrición)	Profesorado (en termos de tarefas)	Alumnado (tarefas)	Resultados ou produtos	Recursos	Instrumentos e procedementos de avaliación	
Resolver problemas matemáticos en situacións cotiás empregando os números enteiros e as súas operacións	<ul style="list-style-type: none"> Explicación do significado, usos e operacións con números enteiros respectando a xerarquía das operacións. 	<ul style="list-style-type: none"> Representar mediante operacións combinadas cuestións matemáticas expresadas en linguaxe verbal Libreta de exercicios con operacións xerarquizadas de números enteiros Proba escrita 	<ul style="list-style-type: none"> Exercicios resoltos presentes na libreta 	<ul style="list-style-type: none"> Libro de texto e libreta 	<ul style="list-style-type: none"> LC.1 - Busqueda de propiedades 	8,0
Resolver problemas matemáticos sinxelos nos que se empreguen potencias e raíces.	<ul style="list-style-type: none"> Explicación do concepto de potencia de expoñente natural e enteiro, de raíz e das súas propiedades 	<ul style="list-style-type: none"> Resolución de problemas con potencias e raíces cuadradas con lapis e papel e con calculadora Proba escrita 	<ul style="list-style-type: none"> Exercicios resoltos presentes na libreta 	<ul style="list-style-type: none"> Libro de texto e libreta 	<ul style="list-style-type: none"> PE.2 - Cálculo de distintas potencias e redución de varias potencias a unha, empregando as propiedades PE.3 - Expresión, en potencias de base 10, de números arbitrariamente grandes e pequenos 	6,0
TOTAL						30,0

4.2.a) Identificación da unidade didáctica

N.º	Título da UD	Duración
2	Números reais. Unidades	30

4.2.b) Resultados de aprendizaxe do currículo que se tratan

Resultado de aprendizaxe do currículo	Completo
RA1 - Resolve problemas matemáticos en situacións cotiás, utilizando os elementos básicos da linguaxe matemática e as súas operacións	NO
RA3 - Identifica propiedades fundamentais da materia nas formas en que se presenta na natureza, manexando as súas magnitudes físicas e as súas unidades fundamentais en unidades de sistema métrico decimal	NO

4.2.c) Obxectivos específicos da unidade didáctica

Obxectivos específicos	Act	Título das actividades	Duración (sesións)
1.1 Identificar e distinguir os distintos tipos de fraccións. 1.2 Realizar operacións de suma, resta, multiplicación e división de fraccións. 1.3 Calcular potencias e raíces de fraccións e realizar operacións combinadas das mesmas	1	Entender o concepto de fracción e aplicalo na resolución de problemas matemáticos da vida cotiá.	10,0
2.1 Identificar os números decimais, ordealos y representarlos na la recta real 2.2 Calcular a expresión fraccionaria dos números decimais. 2.3 Facer operacións con números decimais e desenrolar estratexias de cálculo mental	2	Resolver problemas matemáticos en situacións cotiás empregando os números decimais.	10,0
3.1 Practicar cambios de unidades de lonxitude masa e volume. 3.2 Identificar as equivalencias entre unidades de volume e capacidade	3	Identificar as magnitudes: lonxitude, masa, volume e capacidade. Saber facer os cambios de unidades pertinentes.	10,0
TOTAL			30

4.2.d) Criterios de avaliación que se aplicarán para a verificación da consecución dos obxectivos por parte do alumnado

Criterios de avaliación	Instrumentos de avaliación	Mínimos exixibles	Peso cualificación (%)
CA1.5 Utilizouse a notación científica para representar números moi grandes ou moi pequenos e operar con eles	● PE.1 - traformacións de cifras moi grandes ou moi pequena	S	20
CA1.6 Representáronse os números reais sobre a recta numérica	● PE.2 - Debuxo de rectas con ampliación escalonada	S	20
CA3.2 Practicáronse os cambios de unidades de lonxitude, masa e capacidade	● PE.3 - Distintas unidades do sistema métrico decimal	S	30
CA3.3 Identificouse a equivalencia entre unidades de volume e capacidade	● PE.4 - Relación entre as unidades de volume e capacidade	S	30
TOTAL			100

4.2.e) Contidos

Contidos
Recoñecemento e diferenciación dos tipos de números. Representación na recta real.

Contidos
Utilización da xerarquía das operacións.
Interpretación e utilización dos números reais e das operacións en diferentes contextos.
Notación científica. Representación e operacións de suma, resta, multiplicación e división.
Técnicas de procura de información coas tecnoloxías da información e da comunicación.
Unidades de lonxitude, capacidade e masa no sistema métrico decimal: cálculos, equivalencias e medidas. Uso da notación científica.

4.2.f) Actividades de ensino e aprendizaxe, e de avaliación, con xustificación de para que e de como se realizarán, así como os materiais e os recursos necesarios para a súa realización e, de ser o caso, os instrumentos de avaliación

Que e para que	Como			Con que	Como e con que se valora	Duración (sesións)
Actividade (título e descrición)	Profesorado (en termos de tarefas)	Alumnado (tarefas)	Resultados ou produtos	Recursos	Instrumentos e procedementos de avaliación	
Entender o concepto de fracción e aplicalo na resolución de problemas matemáticos da vida cotiá.	<ul style="list-style-type: none"> Explicación do concepto de fracción e as súas aplicacións, da diferenciación entre fracción propia e impropia e das súas operacións. 	<ul style="list-style-type: none"> Exercicios e problemas para afianzar os contidos referidos a fraccións: concepto, tipos e operacións coa súa xerarquía. Proba escrita 	<ul style="list-style-type: none"> Exercicios resoltos presentes na libreta 	<ul style="list-style-type: none"> Libro de texto e libreta 	<ul style="list-style-type: none"> PE.2 - Debuxo de rectas con ampliación escalonada 	10,0
Resolver problemas matemáticos en situacións cotiás empregando os números decimais.	<ul style="list-style-type: none"> Explicación do concepto de número decimal, as diferentes ordes de unidades, os distintos tipos de números decimais e as operacións con eles. 	<ul style="list-style-type: none"> Exercicios sobre o concepto, os tipos e as operacións con números decimais, aplicando a xerarquía de operacións nos cálculos con operacións combinadas. Investigar como afectaría o redondeo nas centésimas nunha factura da luz que nos emiten con seis lugares decimais Proba escrita 	<ul style="list-style-type: none"> Exercicios resoltos presentes na libreta 	<ul style="list-style-type: none"> Libro de texto e libreta Recibo da luz 	<ul style="list-style-type: none"> PE.1 - traformacións de cifras moi grandes ou moi pequena 	10,0
Identificar as magnitudes: lonxitude, masa, volume e capacidade. Saber facer os cambios de unidades pertinentes.	<ul style="list-style-type: none"> Explicación do significado de magnitude. As unidades do sistema internacional de lonxitude, masa, volume e capacidade, os múltiplos e submúltiplos. 	<ul style="list-style-type: none"> Exercicios de cambio de unidades e de medicións en situacións reais. Investigación sobre antigas unidades españolas e unidades utilizadas noutros países. Equivalencia coas unidades do sistema internacional proba escrita 	<ul style="list-style-type: none"> Exercicios resoltos presentes na libreta, incluíndo un listado de unidades distintas das sistema internacional 	<ul style="list-style-type: none"> Libro de texto, libreta e ordenador con conexión a internet 	<ul style="list-style-type: none"> PE.3 - Distintas unidades do sistema métrico decimal PE.4 - Relación entre as unidades de volume e capacidade 	10,0
TOTAL						30,0

4.3.a) Identificación da unidade didáctica

N.º	Título da UD	Duración
3	Proporcionalidade e porcentaxes.	20

4.3.b) Resultados de aprendizaxe do currículo que se tratan

Resultado de aprendizaxe do currículo	Completo
RA1 - Resolve problemas matemáticos en situacións cotiás, utilizando os elementos básicos da linguaxe matemática e as súas operacións	NO

4.3.c) Obxectivos específicos da unidade didáctica

Obxectivos específicos	Act	Título das actividades	Duración (sesións)
1.1 Identificar a proporción coma expresión matemática. 1.2 Comparar magnitudes establecendo o seu tipo de proporcionalidade. 1.3 Desenrolar estratexias para resolver problemas nos que interveñen magnitudes directa e inversamente proporcionais.	1	Resolver problemas matemáticos ordinarios empregando as proporcións.	10,0
2.1 Identificar as porcentaxes coma unha maneira de interpretar a realidade. 2.2 facer cálculos de porcentaxes mentalmente, con lapis e papel o con calculadora, determinando tamén aumentos e diminucións porcentuais 2.3 Aplicar as porcentaxes ao cálculo do interés simple y composto	2	Resolver problemas matemáticos aplicados a economía diaria empregando porcentaxes.	10,0
TOTAL			20

4.3.d) Criterios de avaliación que se aplicarán para a verificación da consecución dos obxectivos por parte do alumnado

Criterios de avaliación	Instrumentos de avaliación	Mínimos exixibles	Peso cualificación (%)
CA1.7 Caracterizouse a proporción como expresión matemática	● PE.1 - Expresión matemática da proporción, constante de proporcionalidade	S	20
CA1.8 Comparáronse magnitudes establecendo o seu tipo de proporcionalidade	● PE.2 - Diferenciar entre magnitudes directa e inversamente proporcionais.	S	20
CA1.9 Utilizouse a regra de tres para resolver problemas nos que interveñen magnitudes directamente e inversamente proporcionais	● PE.3 - Resolver problemas de proporcionalidade directa ou inversa usando a regra de tres	S	30
CA1.10 Aplicouse o xuro simple e composto en actividades cotiás	● PE.4 - Comparación dos resultados obtidos por ingresos bancarios a interés simple e composto	S	30
TOTAL			100

4.3.e) Contidos

Contidos
Proporcionalidade directa e inversa. Regra de tres. Comparación de magnitudes. As porcentaxes na economía. Técnicas de procura de información coas tecnoloxías da información e da comunicación.

4.3.f) Actividades de ensino e aprendizaxe, e de avaliación, con xustificación de para que e de como se realizarán, así como os materiais e os recursos necesarios para a súa realización e, de ser o caso, os instrumentos de avaliación

Que e para que	Como			Con que	Como e con que se valora	Duración (sesións)
Actividade (título e descrición)	Profesorado (en termos de tarefas)	Alumnado (tarefas)	Resultados ou produtos	Recursos	Instrumentos e procedementos de avaliación	
Resolver problemas matemáticos ordinarios empregando as proporcións.	<ul style="list-style-type: none"> Explicación da caracterización de magnitudes proporcionais directas e inversas, o concepto de razón e proporción, de constante de proporcionalidade, do procedemento da regra de tres. 	<ul style="list-style-type: none"> exercicios e problemas nos que se afiancen os conceptos e procedementos relacionados ca proporcionalidade Buscar en internet unha receta de cociña e cambiar os ingredientes necesarios modificando o número de persoas para as que se fai. Proba escrita 	<ul style="list-style-type: none"> Exercicios resoltos presentes na libreta 	<ul style="list-style-type: none"> Libro de texto, libreta e conexión a internet 	<ul style="list-style-type: none"> PE.1 - Expresión matemática da proporción, constante de proporcionalidade PE.2 - Diferenciar entre magnitudes directa e inversamente proporcionais. PE.3 - Resolver problemas de proporcionalidade directa ou inversa usando a regra de tres 	10,0
Resolver problemas matemáticos aplicados a economía diaria empregando porcentaxes.	<ul style="list-style-type: none"> Explicación do concepto de porcentaxe como caso particular de proporcionalidade directa, como número decimal ou como fracción. Cálculo de porcentaxes, aumentos e descontos. 	<ul style="list-style-type: none"> Determinar os novos valores dos produtos despois dun aumento ou dismunución porcentual Buscar en internet información sobre impostos que nos afectan como o IVA, o IRPF, Contribucións a seguridade social... e comprobar a súa influencia sobre precios e soldos Cubrir unha factura identificando o documento, o emisor, o receptor, o concepto e importe bruto e o importe neto despois de aplicarlle o IVA Proba escrita 	<ul style="list-style-type: none"> Exercicios resoltos presentes na libreta Lista de distintos impostos Modelo de factura cuberta 	<ul style="list-style-type: none"> Libro de texto, libreta e conexión a internet 	<ul style="list-style-type: none"> PE.4 - Comparación dos resultados obtidos por ingresos bancarios a interés simple e composto 	10,0
TOTAL						20,0

4.4.a) Identificación da unidade didáctica

N.º	Título da UD	Duración
4	Expresions alxebraicas. Ecuacións e sucesións	25

4.4.b) Resultados de aprendizaxe do currículo que se tratan

Resultado de aprendizaxe do currículo	Completo
RA9 - Resolve situacións cotiás, utilizando expresións alxébricas sinxelas e aplicando os métodos de resolución máis axeitados	SI

4.4.c) Obxectivos específicos da unidade didáctica

Obxectivos específicos	Act	Título das actividades	Duración (sesións)
1.1 Empregar a linguaxe algebraica para expresar situacións do entorno. 1.2 Facer operacións de suma, resta, multiplicación e división de monomios e polinomios, e cocientes de polinomios entre monomios. 1.3 Aplicar a propiedade distributiva para sacar factor común.	1	Realizar operacións alxebraicas de monomios e polinomios.	7,0
2.1 Concretar as ecuacións algebraicas coma unha relación entre expresións alxebraicas. 2.2 Identificar ecuacións alxebraicas equivalentes. 2.3 Desenrolar estratexias para resolver ecuacións de primeiro grao.	2	Plantear problemas matemáticos da vida cotiá e solucionarlos empregando a resolución de ecuacións de primeiro grao.	8,0
3.1 Identificar as sucesións e progresións coma expresións matemáticas que nos axudan a entender axeitadamente a información da vida diaria 3.2 Concretar propiedades o relacións de situacións sinxelas empregando expresións alxebraicas. 3.3 Aplicar as progresións xeométricas e aritméticas ao cálculo do interese simple y composto.	3	Resolver problemas da vida real na que aparezan sucesións e progresións	10,0
TOTAL			25

4.4.d) Criterios de avaliación que se aplicarán para a verificación da consecución dos obxectivos por parte do alumnado

Criterios de avaliación	Instrumentos de avaliación	Mínimos exixibles	Peso cualificación (%)
CA9.1 Concretáronse propiedades ou relacións de situacións sinxelas mediante expresións alxébricas	● PE.1 - Saber traducir a linguaxe alxébrica propiedades, relacións ou situacións	S	20
CA9.2 Simplificáronse expresións alxébricas sinxelas utilizando métodos de desenvolvemento e factorización	● PE.2 - Buscar expresións irreducibles mediante a simplificación con números primos e a factorización	S	30
CA9.3 Resolvéronse problemas da vida cotiá en que cumpra a formulación e a resolución de ecuacións de primeiro grao	● PE.3 - Resolver problemas do contexto social e profesional mediante o prantexamento e resolución de ecuacións de primeiro grao	S	30
CA9.4 Resolvéronse problemas sinxelos utilizando métodos gráficos e as TIC	● TO.1 - Representar ecuacións sinxelas con parámetros correspondentes a vida diaria.	N	20
TOTAL			100

4.4.e) Contidos

Contidos
<p>Progresións aritméticas e xeométricas.</p> <p>Tradución de situacións da linguaxe verbal á alxébrica.</p> <p>Transformación de expresións alxébricas. Operacións alxébricas de suma, diferenza, multiplicación e factor común.</p> <p>Desenvolvemento e factorización de expresións alxébricas. Identidades notables.</p> <p>Resolución de ecuacións de primeiro grao cunha incógnita.</p> <p>Aplicación de métodos gráficos de resolución de problemas.</p>

4.4.f) Actividades de ensino e aprendizaxe, e de avaliación, con xustificación de para que e de como se realizarán, así como os materiais e os recursos necesarios para a súa realización e, de ser o caso, os instrumentos de avaliación

Que e para que	Como			Con que	Como e con que se valora	Duración (sesións)
Actividade (título e descrición)	Profesorado (en termos de tarefas)	Alumnado (tarefas)	Resultados ou produtos	Recursos	Instrumentos e procedementos de avaliación	
Realizar operacións alxebraicas de monomios e polinomios.	<ul style="list-style-type: none"> Explicación sobre o linguaxe alxébrico as súas expresións e as operacións con monomios e polinomios 	<ul style="list-style-type: none"> Traducir a linguaxe alxebraica expresións presentadas en linguaxe escrito Realizar as operacións básicas con monomios e polinomios. Proba escrita 	<ul style="list-style-type: none"> Exercicios resoltos presentes na libreta 	<ul style="list-style-type: none"> Libro de texto e libreta 	<ul style="list-style-type: none"> PE.1 - Saber traducir a linguaxe alxébrica propiedades, relacións ou situacións PE.2 - Buscar expresións irreducibles mediante a simplificación con números primos e a factorización 	7,0
Plantear problemas matemáticos da vida cotiá e solucionarlos empregando a resolución de ecuacións de primeiro grao.	<ul style="list-style-type: none"> Explicación do significado de ecuación e pasos na resolución dunha ecuación de primeiro grao. 	<ul style="list-style-type: none"> Construír fórmulas para situacións concretas propostas polo profesor Resolución de ecuacións e prantexamento de problemas que conleven a resolución de ecuacións. Proba escrita 	<ul style="list-style-type: none"> Exercicios resoltos presentes na libreta 	<ul style="list-style-type: none"> Libro de texto libreta e calculadora 	<ul style="list-style-type: none"> PE.3 - Resolver problemas do contexto social e profesional mediante o prantexamento e resolución de ecuacións de primeiro grao 	8,0
Resolver problemas da vida real na que aparezan sucesións e progresións	<ul style="list-style-type: none"> Explicación dos conceptos referentes a sucesións e progresións 	<ul style="list-style-type: none"> Realización de exercicios sobre sucesións e progresións Traballo de investigación sobre a sucesión de Fibonacci e a súa presenza na natureza. 	<ul style="list-style-type: none"> Exercicios resoltos presentes na libreta Traballo sobre a sucesión de fibonacci 	<ul style="list-style-type: none"> Libro de texto libreta e conexión a internet 	<ul style="list-style-type: none"> TO.1 - Representar ecuacións sinxelas con parámetros correspondentes a vida diaria. 	10,0
TOTAL						25,0

4.5.a) Identificación da unidade didáctica

N.º	Título da UD	Duración
5	Os seres vivos. Procesos de nutrición (dixestivo, circulatorio e respiratorio) e excreción.	30

4.5.b) Resultados de aprendizaxe do currículo que se tratan

Resultado de aprendizaxe do currículo	Completo
RA6 - Localiza as estruturas anatómicas básicas discriminando os sistemas ou os aparellos aos que pertencen e asociándoos ás funcións que producen no organismo	NO
RA8 - Elabora menús e dietas equilibradas sinxelas diferenciando os nutrientes que conteñen e adaptándoos aos parámetros corporais e a situacións diversas	SI

4.5.c) Obxectivos específicos da unidade didáctica

Obxectivos específicos	Act	Título das actividades	Duración (sesións)
1.1 Comprender o significado da célula coma unidade biolóxica e valorar a importancia da especialización celular. 1.2 Definir as diferencias estruturais entre as células procariotas e eucariotas. 1.3 Distinguir células unicelulares de células pluricelulares, e células animais de células vexetais.	1	Distinguir os diferentes niveis de organización da materia viva.	6,0
2.1 Reconecer diferentes tipos de dietas e distinguir as dietas equilibradas das desequilibradas. Valorar as recomendacións da dieta mediterránea 2.2 Avaliar as necesidades enerxéticas dunha persoa, comprendendo o concepto de taxa de metabolismo en reposo e relacionarlo co tipo de actividade física. 2.3 Coñecer os órganos implicados no proceso da nutrición, a función que fan cada un deles e as transformacións que sofren os alimentos no paso ao seu través 2.4 Empregar correctamente o vocabulario científico do proceso nutritivo.	2	Entender a importancia da nutrición na vida do ser humano e identificar os alimentos segundo os nutrientes que aportan ao organismo.	8,0
3.1 Coñecer a estrutura e o funcionamento do corazón e analizar o percorrido do sangue por todo o organismo 3.2 Reconocer a anatomía do aparato respiratorio e entender o intercambio de gases, que se produce ao través do sangue, entre os pulmóns e os tecidos. 3.3 Avaliar o funcionamento do sistema linfático así coma todo o circuito de vasos, ganglios e órganos que o compoñen.	3	Aprender as características do aparato dixestivo, circulatorio e respiratorio así coma coñecer os seus principais compoñentes.	8,0
4.1 Analizar o percorrido dos produtos de refugallo polos riles y polo resto do organismo 4.2 Coñecer a estrutura e o funcionamento dos riles. 4.3 Identificar as sustancias producidas na excreción	4	Coñecer a anatomía do aparato excretor e explicar o seu funcionamento.	8,0
TOTAL			30

4.5.d) Criterios de avaliación que se aplicarán para a verificación da consecución dos obxectivos por parte do alumnado

Criterios de avaliación	Instrumentos de avaliación	Mínimos exixibles	Peso cualificación (%)
CA6.1 Identifícanse e describíronse os órganos que configuran o corpo humano, e asociáronse ao sistema ou ao aparello correspondente	<ul style="list-style-type: none"> PE.1 - Coñecer as funcións dos distintos órganos que conforman os distintos aparatos que interveñen no proceso de nutrición 	S	15

Cráterios de avaliación	Instrumentos de avaliación	Mínimos exixibles	Peso cualificación (%)
CA6.3 Describiuse a fisioloxía do proceso de nutrición e identificouse a función das estruturas anatómicas dos aparellos dixestivo, circulatorio, respiratorio e excretor	<ul style="list-style-type: none"> PE.2 - Describir as funcións, dentro do proceso de nutrición, de cada aparato . 	S	15
CA6.6 Utilizáronse ferramentas informáticas para describir adecuadamente aparellos e sistemas	<ul style="list-style-type: none"> TO.1 - Emprego do ordenador para a busca de imaxes e información sobre as distintas fases do proceso de alimentación 	N	5
CA8.1 Discrimínouse entre o proceso de nutrición e o de alimentación	<ul style="list-style-type: none"> PE.3 - Diferenzas entre nutriente e alimento, nutrición e alimentación, características e funcións. Características e funcións dos nutrientes 	S	15
CA8.2 Diferenciáronse os nutrientes necesarios para o mantemento da saúde	<ul style="list-style-type: none"> PE.4 - Coñecemento das sustancias que precisa o corpo humano para a súa nutrición 	S	10
CA8.3 Recoñeceuse a importancia dunha boa alimentación e do exercicio físico no coidado do corpo humano	<ul style="list-style-type: none"> PE.5 - Documentación sobre a relación entre exercicio, alimentación e saúde 	S	10
CA8.4 Relacionáronse as dietas coa saúde, diferenciando entre as necesarias para o mantemento da saúde e as que poden conducir a unha mingua desta	<ul style="list-style-type: none"> PE.6 - Elaboración de dietas saudables e discusión sobre a diferenza entre estas e as dietas "miragro" 	S	10
CA8.5 Realizouse o cálculo sobre balances calóricos en situacións habituais do contorno	<ul style="list-style-type: none"> PE.7 - Balances calóricos 	N	5
CA8.6 Calculouse o metabolismo basal e os seus resultados, e representouse nun diagrama establecendo comparacións e conclusións	<ul style="list-style-type: none"> TO.2 - Cálculo de metabolismos basales 	N	5
CA8.7 Elaboráronse menús para situacións concretas, investigando na rede as propiedades dos alimentos	<ul style="list-style-type: none"> TO.3 - Elaboración da dieta dun día para unha persoa activa 	S	10
TOTAL			100

4.5.e) Contidos

Contidos
Niveis de organización da materia viva. Órganos, aparellos e sistemas. Relacións entre eles e as súas funcións.
Fisioloxía do proceso de nutrición: aparellos dixestivo, circulatorio, respiratorio e excretor.
Alimentos e nutrientes: diferenciación. Recoñecemento de nutrientes presentes nos alimentos.
Alimentación e saúde. Hábitos saudables relacionados coa alimentación.
Concepto e elaboración de dietas. Tipos de dietas. Elaboración de menús.
Hábitos saudables relacionados coa alimentación. Importancia dunha boa alimentación e do exercicio físico.

4.5.f) Actividades de ensino e aprendizaxe, e de avaliación, con xustificación de para que e de como se realizarán, así como os materiais e os recursos necesarios para a súa realización e, de ser o caso, os instrumentos de avaliación

Que e para que	Como			Con que	Como e con que se valora	Duración (sesións)
	Profesorado (en termos de tarefas)	Alumnado (tarefas)	Resultados ou produtos		Instrumentos e procedementos de avaliación	
Actividade (título e descrición)				Recursos		

Que e para que	Como			Con que	Como e con que se valora	Duración (sesións)
Actividade (título e descrición)	Profesorado (en termos de tarefas)	Alumnado (tarefas)	Resultados ou produtos	Recursos	Instrumentos e procedementos de avaliación	
Distinguir os diferentes niveis de organización da materia viva.	<ul style="list-style-type: none"> Explicación da organización unicelular e pluricelular tanto en animais coma en vexetais 	<ul style="list-style-type: none"> Elaborar unha táboa coas principais estruturas das células, indicando as características e funcións realizar os exercicios sobre a actividade propostos polo profesor Proba escrita 	<ul style="list-style-type: none"> Exercicios resoltos presentes na libreta 	<ul style="list-style-type: none"> Libro de texto e libreta 	<ul style="list-style-type: none"> PE.1 - Coñecer as funcións dos distintos órganos que conforman os distintos aparatos que interveñen no proceso de nutrición 	6,0
Entender a importancia da nutrición na vida do ser humano e identificar os alimentos segundo os nutrientes que aportan ao organismo.	<ul style="list-style-type: none"> Explicación das diferenzas entre nutrición e alimentación, nutriente e alimento, os distintos tipos de nutrientes, as súas funcións e características e os métodos de conservación de alimentos. 	<ul style="list-style-type: none"> Facer un esquema dos distintos nutrientes, as súas funcións e características, os alimentos que os conteñen e as posibles consecuencias da súa carencia Contestar aos exercicios sobre esta actividade propostos polo profesor Analizar unha pirámide alimenticia Proba escrita 	<ul style="list-style-type: none"> Exercicios resoltos presentes na libreta 	<ul style="list-style-type: none"> Libro de texto e libreta 	<ul style="list-style-type: none"> PE.1 - Coñecer as funcións dos distintos órganos que conforman os distintos aparatos que interveñen no proceso de nutrición PE.2 - Describir as funcións, dentro do proceso de nutrición, de cada aparato . PE.3 - Diferenzas entre nutriente e alimento, nutrición e alimentación, características e funcións. Características e funcións dos nutrientes PE.4 - Coñecemento das sustancias que precisa o corpo humano para a súa nutrición PE.5 - Documentación sobre a relación entre exercicio, alimentación e saúde PE.6 - Elaboración de dietas saudables e discusión sobre a diferenza entre estas e as dietas "miragro" PE.7 - Balances calóricos TO.1 - Emprego do ordenador para a busca de imaxes e información sobre as distintas fases do proceso de alimentación TO.2 - Cálculo de metabolismos basales TO.3 - Elaboración da dieta dun día para unha persoa activa 	8,0

Que e para que	Como			Con que	Como e con que se valora	Duración (sesións)
Actividade (título e descrición)	Profesorado (en termos de tarefas)	Alumnado (tarefas)	Resultados ou produtos	Recursos	Instrumentos e procedementos de avaliación	
<p>Aprender as características do aparato dixestivo, circulatorio e respiratorio así coma coñecer os seus principais compoñentes.</p>	<ul style="list-style-type: none"> • Explicación do aparato dixestivo, dos órganos que o compoñen e da función que desenrola cada un deles no proceso da dixestión • Explicación do aparato circulatorio: anatomía e funcionamento dos distintos elementos do sangue. Explicación, anatomía e funcionamento do aparato respiratorio 	<ul style="list-style-type: none"> • Elaboración dun debuxo do aparato dixestivo indicando cada unha das súas partes e a función que desenrola • Video sobre o funcionamento do aparato dixestivo • Elaborar un debuxo coas partes do corazón e o movemento circulatorio a partir delas. • Elaboración dun esquema sobre o aparato dixestivo explicando a función das súas partes • Proba escrita 	<ul style="list-style-type: none"> • Exercicios resoltos presentes na libreta cos correspondentes debuxos 	<ul style="list-style-type: none"> • Libro de texto e libreta e ordenador con conexión a internet 	<ul style="list-style-type: none"> • PE.1 - Coñecer as funcións dos distintos órganos que conforman os distintos aparatos que interveñen no proceso de nutrición • TO.1 - Emprego do ordenador para a busca de imaxes e información sobre as distintas fases do proceso de alimentación 	8,0
<p>Coñecer a anatomía do aparato excretor e explicar o seu funcionamento.</p>	<ul style="list-style-type: none"> • Explicación da anatomía do aparato urinario, do seu funcionamento e das funcións excretoras de outros órganos fora do aparato urinario. 	<ul style="list-style-type: none"> • Debuxo das vías urinarias e explicación da función de cada parte • Exercicios sobre as funcións das vías urinarias • proba escrita 	<ul style="list-style-type: none"> • Exercicios resoltos presentes na libreta cos correspondentes debuxos 	<ul style="list-style-type: none"> • Libro de texto, libreta e ordenador conectado a internet 	<ul style="list-style-type: none"> • PE.1 - Coñecer as funcións dos distintos órganos que conforman os distintos aparatos que interveñen no proceso de nutrición • TO.1 - Emprego do ordenador para a busca de imaxes e información sobre as distintas fases do proceso de alimentación 	8,0
TOTAL						30,0

4.6.a) Identificación da unidade didáctica

N.º	Título da UD	Duración
6	Procesos de reproducción e relación	25

4.6.b) Resultados de aprendizaxe do currículo que se tratan

Resultado de aprendizaxe do currículo	Completo
RA6 - Localiza as estruturas anatómicas básicas discriminando os sistemas ou os aparellos aos que pertencen e asociándoos ás funcións que producen no organismo	NO

4.6.c) Obxectivos específicos da unidade didáctica

Obxectivos específicos	Act	Título das actividades	Duración (sesións)
1.1 Explicar as fases da fecundación, do desenrolo embrionario e do parto 1.2 Diferenciar unha célula sexual masculina dunha feminina. Coñecer as diferentes fases del ciclo menstrual. 1.3 Coñecer as diferentes patoloxías que se poden producir no aparato reproductor masculino e feminino.	1	Recoñecer os diferentes órganos e as súas funcións nos aparatos reproductivos masculino y femenino.	10,0
2.1 Coñecer os principais ósos e músculos e a súa estrutura. 2.2 Adoptar hábitos saudables par o sistema locomotor e describir as súas principais enfermidades.	2	Explicar o funcionamento do esqueleto e a musculatura humanas.	7,0
